Ao fío do disposto, a aposta pola formación é transcendental para garantir o futuro do sector leiteiro e procurar rendibilidade para os gandeiros pola súa actividade, considerando que estes non só son gandeiros, senón empresarios.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes cuestións:

1. Que accións formativas se teñen posto en marcha por parte da Consellería do Medio Rural de cara a profesionalización do sector lácteo?
2. Cal é a valoración que fai a Consellería do Medio Rural da materialización desta formación?

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 02/06/2021 16:56:39

Daniel Vega Pérez na data 02/06/2021 16:57:04

Raquel Arias Rodríguez na data 02/06/2021 16:57:27

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/06/2021 16:57:50

José Antonio Armada Pérez na data 02/06/2021 16:58:04

Ramón Carballo Páez na data 02/06/2021 16:58:25

María Felisa Rodríguez Carrera na data 02/06/2021 16:58:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Raquel Arias Rodríguez, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez e Felisa Rodríguez Carrera, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

A importancia que posúe o sector apícola no noso país é tanxible, sendo o produtor máis importante a nivel europeo en número de colmeas –tres millóns de colmeas, o 14,6% da Unión Europea–. Ademais, este sector destaca pola porcentaxe de profesionalización das explotacións apícolas, que acada o 23%.

En Galicia, a produción alcanza preto das 3.000 toneladas, ocupando o terceiro lugar en número de explotacións por comunidade, con case 5.000 –só por detrás de Castela e León e Andalucía–, e o quinto posto en produción de mel, por enriba da media nacional –por detrás de Andalucía, a Comunidade Valenciana, Extremadura e Castela e León–. Neste sentido, trátase dun sector en constante crecemento, xa que o número de explotacións leva aumentado un 35% nos últimos dez anos, así como o número de colmeas, que se chegou a duplicar.

Falamos, ademais, dun sector eminentemente “mozo”, xa que a idade medida dos apicultores galegos profesionais –os que teñen máis de 150 colmeas– é a segunda máis baixa de España ao establecerse nos 41 anos, tan só por detrás de Asturias.

Estes datos son antecedente do firme compromiso do Goberno galego a prol deste sector; de feito, a finais do pasado mes de maio, publicábase no Diario Oficial de Galicia (DOG) a orde da Consellería do Medio Rural que establece o réxime de axudas destinadas a mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura, cun orzamento inicial de máis de 720.000 euros, que contará, ademais, cunha ampliación que elevará o importe global a preto de 1,3 millóns de euros –case o dobre do orzamento do ano pasado–.

Ao respecto, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia é preciso amosar o apoio a calquera actuación a prol do futuro do sector apícola de Galicia e para que este siga medrando.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Que actuacións se puxeron en marcha en beneficio do sector da apicultura?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



- 2.- Quen son os destinatarios das axudas destinadas a mellorar a produción e comercialización da apicultura?
- 3.- Que lugar ocupa o sector apícola galego en comparación ao resto de España?

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 02/06/2021 16:59:53

Raquel Arias Rodríguez na data 02/06/2021 17:00:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Daniel Vega Pérez na data 02/06/2021 17:00:42

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/06/2021 17:00:59

José Antonio Armada Pérez na data 02/06/2021 17:01:10

Ramón Carballo Páez na data 02/06/2021 17:01:27

María Felisa Rodríguez Carrera na data 02/06/2021 17:01:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Mercedes Queixas Zas e Iria Carreira Pazos, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a realización de cursos de linguaxe xurídica galega destinados a administración de xustiza e outros colectivos relacionados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O art. 5 do Estatuto de Autonomía de Galiza dispón a obriga dos poderes públicos de potenciaren a utilización do galego en todos os ordes da vida pública, cultural e informativa, facilitándolles o medios necesarios a tal fin.

A Lei de Normalización Lingüística de 1983 reconece o dereito da cidadanía a relacionarse en galego, oralmente e por escrito, coa administración pública; ordenando á Xunta de Galicia a adopción das medidas necesarias para a normalización progresiva do idioma propio do país.

No Plan de Normalización Lingüística de Galiza de 2004 contéplase como o obxectivo específico incrementar o uso da lingua galega na Administración de Xustiza e na administración periférica do Estado en Galiza nas súas relacións internas, así como garantir a atención aos cidadáns en galego, constituíndo o idioma propio de Galiza a lingua normal de traballo na administración de xustiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No propio documento, aprobado pola unanimidade do Parlamento de Galiza, garátese a capacitación lingüística a todas as persoas que traballan na administración de xustiza, de xeito que lle sexa doado ao cidadán exercer os seus dereitos lingüísticos.

A fin de acadar os obxectivos enunciados no Plan establécense unha serie de medidas, como por exemplo:

- O establecemento de programas de formación nos que se incorpore a capacitación lingüística, a cultura galega e o réxime xurídico do uso das linguas.
- O fomento do uso do galego por medio de medidas de promoción profesional e prestixio dos funcionarios que a vaian usando.

En cumprimento do exposto a Escola Galega de Administración Pública imparte cursos de formación en linguaxe xurídica administrativa destinado a funcionarias da administración de xustiza, destinados tanto en Galiza, como fora de Galiza. Cursos que, por mor da demanda existente, resultan totalmente insuficientes, tanto na súa periodicidade, como no número de prazas ofertadas en cada convocatoria coas nocivas consecuencias que implica, tanto para os funcionarios e funcionarias en particular, como para a cidadanía en xeral, implicando un incumprimento máis do meritado Plan de Normalización Lingüística de Galiza.

Así, nos concursos para a provisión de postos de traballos en órganos xurisdiccionais sitos en Galiza un dos méritos avaliábeis -ate con 12 puntos- é o coñecemento oral e escrito da lingua galega debidamente acreditado por medio de certificación oficial da comunidade autónoma, ou homologación do título achegado





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e do nivel a que corresponda o título, supón o recoñecemento, só para estes efectos, de ata doce puntos segundo o nivel de coñecementos acreditado

Xa que logo, a insuficiencia dos cursos formativos en linguaxe xurídica galega impide por unha banda o cumprimento dos dereitos lingüísticos recoñecidas á cidadanía, e por outra limita as posibilidades de acceso a unha praza en órganos xurisdiccionais galegos a traballadoras interesadas incrementado o valor da antigüidade nos servizos prestados sobre o coñecemento da lingua propia do país no que radica a praza ofertada.

E por todo iso fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

-Cantos foron os cursos de linguaxe xurídica, superior e medio, convocados pola Xunta de Galiza nos anos 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021, dirixido a maxistrados/as, xuíces, fiscais, secretarios/as xudiciais, médicos/as forenses, funcionarios/as dos corpos de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial que presten servizos tanto dentro como fora de Galiza?

-Cal é o número de prazas convocadas en cada un dos cursos aos que se refire a pregunta anterior?

-Número de solicitudes presentadas para participar nos cursos indicados?

-No caso de que sexa superior o número de solicitudes presentadas sobre as prazas ofertadas, valorou a Xunta de Galiza o incremento do número de cursos e/ou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prazas a fin de dar satisfacción ás persoas interesadas e protexer os dereitos lingüísticos da cidadanía?

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2021

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Mercedes Queixas Zas

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 02/06/2021 17:37:16

Xosé Luis Bará Torres na data 02/06/2021 17:37:19

Mercedes Queixas Zas na data 02/06/2021 17:37:26

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/06/2021 17:37:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Mercedes Queixas Zas, Daniel Pérez López e Carme González Iglesias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre o peche de tendas do Grupo INDITEX en Ferrol e A Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais do ano 2020 INDITEX e os sindicatos CC.OO e UGT asinaron para todo o estado español e para cada unha das marcas do grupo un Acordo de modificación substancial das condicións de traballo e mobilidade xeográfica. Os sindicatos asinantes ostentan ao redor dun 70% da representación a nivel estatal. O sindicato máis representativo a nivel galego, a CIG, non asinou o acordo.

O acordo persegue a “recolocación interna de todo o persoal da empresa afectado polo proceso de absorción de tendas, coa finalidade de manter integramente o emprego de todo o persoal con contrato indefinido”. Este proceso, denominado de absorción de tendas para evitar a palabra peche, é “consecuencia da implementación do Plan de Transformación Dixital na Empresa”.

Neste proceso INDITEX pechará unhas 300 tendas no estado español até o 21 de xaneiro do 2023 que irá comunicando por fases. A primeira fase foi comunicada antes do 30 de abril do 2021, e as seguintes fases serán comunicadas trimestralmente a partir de este momento. Polo de agora na Galiza xa foron comunicados os peches de 24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tendas, as últimas, 3 tendas en Ferrol e outras 3 na Coruña que afectan a 23 e 35 persoas respectivamente.

O acordo asinado a nivel estatal racha coa dinámica de mellora das condicións de traballo que pouco a pouco ía conseguindo o persoal dos centros de traballo galegos, e supón graves prexuízos para o persoal afectado polo peche de tendas que se non quere ou non pode aceptar as modificacións substanciais que a empresa lle comunique terá que rescindir o contrato.

A representación do persoal das tendas e centros galegos de INDITEX manifesta existir capacidade no Grupo empresarial para realizar estes procesos sen provocar prexuízos ao persoal, a partir dunha negociación transparente, con perspectiva global, sen fases que dificulten a toma de decisións debidamente informadas, e incluíndo no catálogo de vacantes postos de traballo en áreas e procesos que actualmente son externalizados.

Salienta o feito de seren mulleres, moi maioritariamente, as persoas afectadas polas modificacións e/ou a mobilidade xeográfica.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

- . Coñece a Xunta de Galiza cantas tendas vai pechar o grupo INDITEX na Galiza e cal vai ser o impacto para o emprego de este proceso?
- . Coñece a Xunta de Galiza que porcentaxe do persoal afectado son mulleres?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Coñece a Xunta de Galiza que porcentaxe do persoal afectado vaise ver na obriga de rescindir o seu contrato pola imposibilidade de conciliación?

. Ten realizado a Xunta de Galiza algunha xestión para evitar estas rescisións?

. Coñece a Xunta de Galiza o volume de persoal ocupado nas empresas externas que prestan servizos para INDITEX na Galiza?

. Coñece a Xunta de Galiza se este proceso de externalización vai en aumento? Coñece as condicións de traballo do persoal que presta servizos para estas empresas?

. Que consideración lle merece á Xunta de Galiza que estes postos de traballo non se ofrezan ao persoal afectado polos peches de tendas?

. Coñece a Xunta de Galiza cal é o volume de procesos, operacións e traballos, que INDITEX leva deslocalizado desde os centros galegos a outros en diferentes situacións xeográficas nos últimos 20 anos?

. Considera factible a Xunta de Galiza recuperar parte de esas ocupacións? Que xestións está a realizar a Xunta de Galiza para conseguilo?

. Que xestións vai realizar a Xunta de Galiza para conseguir a constitución dunha Mesa Galega do Emprego no GRUPO INDITEX que evite que as mudanzas no negocio empresarial afecten negativamente ao persoal?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**
Mercedes Queixas Zas
Daniel Pérez López
Carme González Iglesias
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 03/06/2021 09:43:14

Mercedes Queixas Zas na data 03/06/2021 09:43:28

Daniel Pérez López na data 03/06/2021 09:43:35

María do Carme González Iglesias na data 03/06/2021 09:43:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación do Servizo de Axuda no Fogar na cidade de Ourense e as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza para intervir nesta situación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación dos servizos sociais de Ourense e, singularmente, do Servizo de Axuda no Fogar atravesan unha situación de permanente precariedade, inestabilidade e fonte de conflitos. Esta situación viuse agravada pola pandemia da covid-19 aínda que tanto as organizacións do terceiro sector como as traballadoras do SAF levan anos poñendo demandas enriba da mesa respecto do mal funcionamento do concello e a insuficiencia de recursos materiais e persoais. Esta situación, para alén da pandemia, vese agravada polo bloqueo político que sofre a cidade, situación da que é corresponsable o partido que sustenta o goberno galego.

O pasado sábado 29 de maio as traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar percorrían as rúas de Ourense nunha nova manifestación reclamando a mellora das súas condicións de traballo, que suporían tamén unha mellora dos servizos prestados ás e aos usuarios, case 400 persoas nesta cidade.

Entre outras cuestións, están a denunciar a situación de precariedade na que están a desenvolver o seu traballo. Por unha parte, a empresa concesionaria, Samaín





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Servizos socio-comunitarios, non cumpre o convenio. Das 190 traballadoras, só 60 teñen xornadas completas, o resto xornadas parciais e están desde a mañá ate a noite dun lado para outro, con contratos de luns a domingos, nin hai descanso, nin se paga o plus de domingo. Así mesmo, hai contratos con menos de 25h e en sábados e domingos hai xornadas de 12-14 horas. Por outra banda, a empresa está a despedir persoal con antigüidade (despediron cinco traballadoras e non lle renovaron a 10 considerando perversamente como absentismo o que son baixas por accidente ou motivo laboral). Para alén das cuestións referentes aos dereitos laborais do persoal, hai que salientar tamén que a empresa non fornece os servizos que comprometera como mellora e grazas aos cales foi seleccionada. Por exemplo, non se están ofrecendo servizos de peiteado ou de podoloxía.

É posíbel unha mellor organización do servizo e mellorar as condicións de traballo das auxiliares, o que tamén repercutiría nunha maior calidade do servizo. Neste intre priorízanse cuestións económicas e non as condicións de traballo das auxiliares do SAF. Ademais, na cidade de Ourense, grazas ao Partido Popular estase a perpetuar unha situación de colapso político e administrativo que ten consecuencias graves en materia de servizos sociais. Tal e como ten denunciado o Grupo Municipal do BNG de Ourense, existe un problema grave no Concello e, singularmente, na Concellería de Asuntos Sociais que ten que ver co modelo de xestión e coa falla de persoal cualificado e suficiente. Resulta alarmante a desatención sobre a situación do SAF e que as traballadoras non sexan sequer recibidas por parte do goberno, mais tamén a situación xeral da atención social e feitos como que as citas para poder acceder ás distintas axudas municipais destinadas á atención das necesidades sociais tiveran demora de ata cinco meses, existindo persoas en risco de exclusión social que pola incapacidade derivada da falla de persoal da propia concellería, están a ver como se retrasan os procesos de intervención social e incluso o acceso a alimentos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estas e outras carencias é necesario que a Xunta de Galiza, e singularmente a Consellaría de Política Social, atendan esta situación para fiscalizar e auditar o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) de forma que se garantan uns criterios xerais mínimos na prestación do servizo e se vixie o cumprimento dos dereitos laborais das persoas traballadoras e a concreción do prego de condicións.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza diante da situación de incumprimento do prego de condicións do SAF?

. Elaborou o vai elaborar o goberno galego unha inspección e auditoría do Servizo de Axuda no Fogar da cidade de Ourense?

. Que vai facer a Xunta de Galiza para avaliar o cumprimento do prego de condicións?

. E para garantir as adecuadas condicións salariais e materiais de traballo das súas traballadoras?

. Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza diante da situación de colapso dos servizos sociais da cidade de Ourense no marco dunha crise sen precedentes?

. Coñece o goberno galego a falta de dilixencia que está a causar o bloqueo político e institucional do que o Partido Popular e o goberno galego son colaboradores activos?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

.Que medidas de colaboración interinstitucional ten ofertado ao Concello? Cales e en que prazo?

. Como valora a situación de emerxencia social de Ourense?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/06/2021 12:57:10

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/06/2021 12:57:20

Olalla Rodil Fernández na data 03/06/2021 12:57:28



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

A banda marrón e vermella do pino, un fungo que debilita as coníferas e que lle pode causar a morte, entrou en Galicia por concellos do oriente de Lugo como A Fonsagrada ou Baleira. A chegada desta enfermidade as masas galegas do pino insigne ('*Pinus radiata*') próximas a Asturias era previsible, pois o occidente da comunidade veciña rexistra unha incidencia en aumento dos fungos dende 2018, cando tamén o problema das bandas marróns e vermella explotou no País Vasco.

A entrada en Galicia das chamadas banda marrón e vermella do pino é un motivo de preocupación para as persoas propietarias forestais, pois o fungo pode afectar a masas de pino insigne e ademais a ameaza do fungo desincentiva as plantacións de pino insigne, a especie máis susceptible á enfermidade e que en Lugo é a principal conífera. Menos susceptible é o piñeiro do país ('*Pinus pinaster*'), a conífera dominante en Galicia, en tanto nas zonas de alta montaña o pino silvestre, se considera resistente á enfermidade mentres que o *Pinus nigra salzmannii* var. *Corsicana*, (Piñeiro de Corcega o corsicana) vese afectado.

As zonas máis afectadas sitúanse polo momento nas partes altas dos montes, por riba dos 600 metros, como A Bacariza ou A Fontaneira (Baleira).

Os fungos da banda marrón e da banda vermella, presentes dende fai tempo nos montes da Cornisa Cantábrica, saltaron de nivel a partir de 2018, cando, coincidindo cunha primavera cálida e húmida, calcúlase que ao redor dun terzo dos pinares do País Vasco veranse seriamente danados. Un problema similar rexistrouse tamén no Occidente de Asturias, si ben nun principio Galicia non se viu afectada.

Existe a posibilidade de tratamentos terrestres con produtos fitosanitarios, e as condicións de realización dos tratamentos e áreas de exclusión e a seguinte:

Todo tratamento terrestre deberá cumprir o autorizado expresamente pola Resolución da Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agropecuaria, do



Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 22 de abril de 2021, que excepcionalmente autoriza a comercialización e uso en aplicación terrestre de produtos fitosanitarios formulados a base de óxido cuproso 75 por cento [GT] p/porcentaxe peso de soluto/peso dunha solución contra enfermidades criptogámicas defoliadoras en coníferas de montes e que modifica a resolución do 19 de febreiro de 2021, e os efectos da autorización dende o 1 de abril de 2021 o 29 de xullo de 2021 son:

a) En relación cos produtos fitosanitarios e as condicións de uso dos mesmos:

1. Produtos fitosanitarios de formulacións a base de óxido cuproso, ou de estrato de tomillo.
2. O período para a realización dos tratamentos será entre o 1 de abril de 2021 e o 29 de xullo de 2021.

b) Zonas de exclusión das superficies a tratar:

Ríos e regatos, coas súas áreas de influencia.

Áreas naturais protexidas:.

Parcelas de agricultura ecolóxica: e a súa área de influencia.

Núcleos e edificacións urbanas: e as súas áreas de influencia.

En relación ás recomendacións e medidas:

Establecemento de medidas culturais co fin de promover o vigor das plantas. É fundamental a aireación das masas, eliminación dos restos de poda e realización de claras. Estas medidas favorecen o vigor das árbores como tamén é recomendable aumentar o marco de plantación, co que increméntase a circulación de aire, retense menos humidade e estas enfermidades non se ven favorecidas.

Recoller semente de plantacións sans.

Limpar as ferramentas que se vaian a utilizar.

Eliminar material enfermo.

En relación co tema que nos ocupa temos que traer a colación o proxecto de sanidade forestal Innobandas que revela resultados moi positivos para frear o avance da banda vermella e marrón. As conclusións do proxecto de sanidade forestal Innobandas no deixan lugar a dúbidas. Os tratamentos experimentais levados a cabo nos anos (2018-2019) en Euskadi, Cantabria e Navarra para controlar a enfermidade das bandas das acículas dos piñeiros arroxaron



resultados moi positivos. A única presenza galega neste proxecto foi a empresa Galca, **especialista no sector agroforestal**.

Esta iniciativa, cofinanciada pola Unión Europea, demostrou ser "eficaz e sostible para atallar o avance da enfermidade das bandas", enfatizaba Josu Azpitarte, membro da área técnica de Baskegur, quen subliñaba a importancia deste "labor preventivo" que xa se utiliza en países como Chile ou Nova Zelandia.

As sustancias empregadas nestes tratamentos foron Desfan, un composto orgánico de sementes de laranxa e pomelo, Nordox (óxido cuproso en gránulos), Timol (extracto de tomillo vermello) e Carbonato (Carbonato e compoñentes activos sinérxicos de Biofungitek) ademais dunha mestura de Desfan e Timol. En xeral, estas fórmulas obtiveron bos resultados, aínda que, entre todas elas, sobresaíron Nordox e Timol.

No caso de Nordox, puideron comprobar que non se daba "ecotoxicidad", e que "as deposicións de cobre na terra eran residuais", sempre dentro de marxes seguros. A súa conclusión é que non se daba ningunha "afección medioambiental".

O director xeral de Baskegur, Oskar Azkarate, destacaba as tres principais conclusións que se extraen do proxecto Innobandas. A primeira, a importancia do traballo conxunto entre persoas propietarias, empresas, administracións e centros tecnolóxicos nunha aposta supraautonómica coordinada e transversal para afrontar problemáticas como a sanidade forestal que afectan a toda a Cornisa Cantábrica. En segundo lugar, a posta en valor dos resultados positivos obtidos ao constatar a efectividade dalgúns dos produtos utilizados e a súa baixa ou nula ecotoxicidade, e por último a mostra clara e inequívoca de que proxectos como Innobandas teñen continuidade no futuro.

Polo anteriormente exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que Galicia non participou nos tratamentos experimentais levados a cabo entre os anos 2018 e 2020 en Euskadi, Cantabria e Navarra para controlar a enfermidade das bandas das acículas dos pinos?
2. A partir do 29 de xullo de 2021 en que se prohíbe o uso Nordox (óxido cuproso en **gránulos**), ten a Consellería de Medio Rural proxectado utilizar outro fitocida como pode ser o Timol (extracto de tomillo vermello), segundo recomendou o proxecto Innobandas?



3. Que medidas ten pensado tomar a Consellería de Medio Rural en relación ca banda vermella/mal marrón en Galicia, e en concreto na provincia de Lugo, onde se ven danadas as masas de pino insigne dado que afectan a toda a Cornisa Cantábrica?
4. Ten a Consellería de Medio Rural elaborado un mapa de superficie afectada por esta enfermidade? Cales son os concellos máis afectados?
5. Que medidas preventivas va a desenrolar co fin de mitigar esta enfermidade?
6. Ten pensado nos seus modelos silvícolas modificar a densidade das repoboacións que se fagan coas especies afectadas por esta enfermidade?
7. Solicitará o establecemento dunha corentena desta enfermidade, no caso de que aumente a súa virulencia?
8. Que medidas profilácticas está tomando sobre as masas que se están cortando actualmente, para que no se estenda a enfermidade?
9. As recomendacións e medidas culturais, como as está a controlar a Consellería de Medio Rural e como se verán reflectidas nas ordes de axudas nas melloras das masas forestais?
10. Se establecerá algunha orde para o tratamento desta enfermidade?

Pazo do Parlamento, 3 de xuño do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Martín Seco García
Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/06/2021 11:03:59

Martín Seco García na data 03/06/2021 11:04:06

Patricia Otero Rodríguez na data 03/06/2021 11:04:16

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2021 13:39:30
Nº Rexistro: 16886
Data envío: 03/06/2021 13:39:30.694

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/06/2021 11:04:26

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGYe4CGio023
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ata o momento presente, as medidas tomadas polo goberno galego a respecto do tártago de patas amarelas redúcense a dúas: a subvención do trampeo primaveral e a encomenda feita a Seaga para a retirada de niños esta última por un importe de 1,7ME. Nada sabemos do estado das investigacións que desde o goberno galego se prometeran xa en 2016.

Neste ano 21 o do trampeo primaveral oficial foi un fracaso pois a distribución foi feita tarde e directamente ás asociacións apícolas que o solicitasen. A desculpa dos atrasos e mudanzas levouna a pandemia, a pesar de que a actividade apícola continuaba e o tártago das patas amarelas non daba signos de febleza.

Poucas solicitudes e mala distribución. O cambio, coma dicíamos, foi xustificado polas autoridades amparándose na pandemia e as posibles aglomeracións. E así, nunha arroutada incomprensible, eliminaron a situación de menor risco, pois ben se puido aproveitar que os apicultores deben ir pola Oficina Agraria Comarcal, renovar o censo, para facer o reparto de trampas e atraentes.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os estudos sinalan que os niños do tártago retirados só representan o 20% do total estimado, por tanto é aquí onde temos o reto principal da incidencia do invasor tanto na polinización coma na poboación de abellas e produción de mel.

Os equipos de traballadores encargados da retirada de niños comparten en Ourense dúas escopetas marcadoras de aire comprimido e as pértigas xa coñecidas. Nada sabemos de investigacións doutro tipo de marcadores, dixitais por exemplo, nin das posibilidades dos drons nin da utilización dos mesmos individuos para marcar o seu niño de procedencia. Ningunha visión de futuro. Unha vez máis a indolencia e a quietude marcan as políticas do goberno galego.

Porque a lóxica máis elemental indica a necesidade de tomar a iniciativa nesta loita. E o fundamental está no coñecemento desta especie, as súas estratexias de adaptación e posiblemente na obtención de feromonas que sexan definitivas na atracción das mestras velutinas.

Porque a ameaza é real. Non se trata dun aspecto menor que afecte soamente aos produtos derivados das prácticas apícolas, trátase da ruptura dun equilibrio natural de consecuencias descoñecidas e os medios e intencións do goberno galego non están á altura das dimensións do problema.

Porque as promesas iniciais do ano 2016 quedaron en nada. Houbo un fume do que case nada permanece e o abandono por esquecemento de iniciativas investigadoras ás que non se lles deu unha mínima cobertura orzamentaria para a súa continuidade sumen na impotencia o sector directamente máis afectado, o apícola. Unha vez máis condenados a resolver os problemas por eles mesmos como aconteceu coa crise da varroase

Mais o Tártago está aí... e tamén causa mortes ademais dos danos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non hai estimacións oficiais destes en cultivos horto-frutícolas pero están aí, visibles aínda que non cuantificados. Si que hai estimacións veraces por parte das asociacións de apicultores que cifran a mortandade de colmeas nos últimos anos entre un 30 e un 40% cando antes da chegada do tártago era dun 8 a un 10% e a baixada alarmante na produción de mel que pasou dos 25-30 kgrs por colmea aos 10 kgrs actuais.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

. É consciente o goberno galego da dimensión real da problemática planteada pola aparición do tártago de patas amarelas ?

. Cal é a partida orzamentaria deste ano procedente de Europa para este tema e como foi distribuída ?

. Que número de trampas e atraentes se distribuíron este ano 2021 entre os apicultores?

. Considera o goberno axeitada a dotación de medios dos equipos da encomenda de Seaga para a retirada de niños ?

. Cando pensa o goberno galego abrir liñas de investigación e experimentación destinadas a empregar os avances tecnolóxicos para a localización e eliminación dos niños?

. Mantén o goberno galego abertos algún convenio de investigación arredor do tártago de patas amarelas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Por que razóns se abandonaron as liñas de investigación abertas en anos precedentes ?

. Cal é a razón pola que o goberno galego abdicou da súa función de necesario coordinador das liñas investigadoras abertas por outras institucións sumándose tamén ás mesmas?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 03/06/2021 14:17:42

María González Albert na data 03/06/2021 14:17:46

María del Carmen Aira Díaz na data 03/06/2021 14:17:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López e Carme González Iglesias, O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para resposta oral na Comision 6ª, sobre a situación da central térmica das Pontes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A menos de 1 mes para que remate a garantía de emprego do persoal das auxiliares que prestan servizos na central térmica das Pontes, e a suspensión dos traslados comunicados ao persoal propio de ENDESA, segue sen haber ningún proxecto en marcha, ou cando menos minimamente esbozado.

Nun exercicio de irresponsabilidade gobernativa difícil de imaxinar ministerio e consellaría non fan outra cousa que “tirarse os trastos” á cabeza sen achegar alternativas ou propostas realistas ou plausíbeis.

A última gran contribución da Xunta de Galiza para elevar o nivel de absurdo de este debate foi pedir unha prima para a produción de enerxía con biocombustíbeis. Unha produción que ENDESA leva 6 meses dicindo que non vai asumir, e que a Xunta leva 6 meses sen dicir como ten pensado executar, o que non impediu que o día antes da reunión co ministerio e con ENDESA lle puxera prezo a ese kw que nunca se vai producir. Todo para manterse na carreira de facer que fai máis que os demais.

A posición do ministerio, que levaba meses sen convocar á Mesa das Pontes, tampouco axuda. Nada construtivo ou propositivo pola súa parte.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mentres todo isto segue sen concretarse, o Convenio de transición xusta, que en outros territorios do estado español tamén afectados por peches de centrais térmicas xa están en marcha, algúns con proxectos definidos e con financiamento comprometido, no caso do Concello das Pontes aínda non se comezaron nin os trámites previos, en parte debido á negativa da Xunta de Galiza a formalizar o protocolo inicial.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 6ª:

Que xestións vén realizando a Xunta de Galiza para conseguir unificar propostas e proxectos con todas as partes implicadas na crise industrial das Pontes que garantan actividade industrial ligada a produción enerxética e volume de emprego na vila?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 03/06/2021 17:55:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 03/06/2021 17:55:26

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/06/2021 17:55:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o bono de alugueiro social nos casos de mulleres en situación de violencia machista.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 11/2007 galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero recolle nos seus artigos 44 e 45 o dereito de acceso á vivenda e acceso prioritario ás vivendas de promoción pública das mulleres en situación de violencia machista.

Neste senso, a Xunta de Galiza despregou, dentro do Programa do bono de alugueiro social, axudas específicas para vítimas de violencia de xénero.

Porén, ao Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego cóstanos que mulleres nesta situación están a atopar enormes dificultades para acceder a unha vivenda en aluguer mesmo sendo beneficiarias desta axuda pois, axencias e persoas propietarias rexeitan alugarlles. Isto está a provocar que mulleres acaben alugando vivendas moi lonxe de garantir as condicións de habitabilidade mínima por non poder pagar un aluguer maior.

Dunha banda ese rexeitamento baséase na escasa contía do bono (entre 175€ e 225€ ao mes en función da localidade), unha cantidade que fica lonxe de cubrir o custe mensual do alugueiro. Doutra, na complexa situación económica na que se atopan





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

moitas destas mulleres, sen ingresos estables. Todo isto serve ás axencias e propietarias/os para se negaren a garantir o acceso a un dereito, como a vivenda.

Porén, a situación agrávase pola falta de vivenda pública en Galiza. As cifras así o evidencian, tanto na enorme listaxe de agarda para acceder a unha vivenda de promoción pública como polo feito de adxudicárense apenas 5 en todo o ano 2020 a mulleres en situación de violencia machista.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. É consciente a Xunta de Galiza do que está a acontecer co bono alugueiro social a vítimas de violencia machista?

. Ten coñecemento a Xunta de Galiza do número de mulleres en situación de violencia machista beneficiarias do bono alugueiro social que foron rexeitadas por axencias ou propietarios/as de vivenda?

. Que medidas pensa adoptar o Goberno galego para garantir o dereito a vivenda especialmente das mulleres en situación de violencia machista?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 28/05/2021 10:00:42

Noa Presas Bergantiños na data 28/05/2021 10:00:52

Iria Carreira Pazos na data 28/05/2021 10:01:05

María Montserrat Prado Cores na data 28/05/2021 10:01:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Olalla Rodil Fernández, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a ampliación da permanencia de mozos e mozas con discapacidade nos CEE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes, no seu artigo 20.4, indica que o límite polo que os mozos e mozas con discapacidade poden permanecer nos centros de educación especial é de 21 anos.

Este feito provoca, segundo a Plataforma de ANPAS de CEE Galiza, importantes consecuencias tanto para o alumnado como para as familias, que se senten impotentes ao ver paralizado definitivamente o proceso formativo dos seus fillos e fillas, ao tempo que imposibilita a conciliación laboral dos proxenitores, nomeadamente das nais, que deben atender os fillos e fillas nos domicilios persoais e abandonar, en moitos casos, a actividade laboral.

Esta demanda familiar non é exclusiva de Galiza, senón que existen precedentes semellantes no Estado español con resolución favorábel ás demandas das familias, como é o caso da Comunidade Autónoma de Castela-León que acordou que o alumnado con necesidades especiais poida permanecer nos seus centros educativos máis aló dos 21 anos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . É coñecedora a Xunta de Galiza das demandas da Plataforma de ANPAS CEE Galiza?
- . Como valora o goberno a demanda da Plataforma de autorizar a permanencia do alumnado con discapacidade nos CEE máis aló dos 21 anos?
- . Considera a Xunta que a oferta pública de CEE é suficiente para atender a demanda social desde un servizo público de calidade?
- . Está disposta a Xunta a realizar a modificación regulamentaria precisa que permita a continuidade do alumnado con discapacidade nos CEE máis aló dos 21 anos?
- . En que prazo de tempo se compromete a Xunta a realizar esta modificación que solicitan as familias?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Olalla Rodil Fernández

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/05/2021 10:25:46

Daniel Castro García na data 28/05/2021 10:25:49

Olalla Rodil Fernández na data 28/05/2021 10:25:58

Mercedes Queixas Zas na data 28/05/2021 10:26:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A denominada Finca Robles, pertencente á Xunta de Galiza e sita no lugar da Veiga no concello de Pobra do Brollón, no sul da provincia de Lugo; foi a primeira experimental de toda Galiza, e tamén a primeira en facer inseminacións artificiais no gando vacún, sendo pois a pioneira na Galiza e probablemente en España.

A propiedade conta con 25 ha. situadas nun terreo privilexiado, ocupando unha veiga con regadío provinte dunha presa no río Cabe. Chegou un momento no que contaba con 30 ou 40 persoas traballando, o que fixo medrar a poboación na que se ubica, sendo o motor de desenvolvemento económico da zona, de xeito que viviu unha época de esplendor.

Agora mesmo contan con gando de raza rubia galega e experimentan con distintos tipos de forraxes cun resultado que demostra que poderíamos depender pouco de insumos externos.

Comezouse a destinar algo de fondos á reparación de distintas dependencias e alprendes que forman parte da granxa, incluíndo un deles que sufriu un incendio hai ben pouco.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Contan con edificacións históricas e cunha casa que está nun estado de conservación delicado e por riba conta cun mobiliario de moito interese.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Nestes momentos é máis importante que nunca, poñer a disposición da cidadanía todos os recursos precisos. O servizo de axuda no fogar, é un pilar dentro do modelo de coidados que contribúe en boa medida a dar un apoio complementario ás persoas que teñen algún tipo de discapacidade ou dependencia para o desenvolvemento das actividades básicas da vida diaria.

O Concello de Ourense está a vivir unha crise de xestión que afecta a practicamente todas as áreas municipais, xa que só hai 3 concelleiros. Esta situación é especialmente dramática cando observamos o ámbito social tendo en conta o contexto de crise sanitaria e social derivada da pandemia. Unha das áreas máis afectadas está a ser o Servizo de Axuda no Fogar, precisamente un dos servizos máis demandados e necesarios para atender á cidade da provincia máis envellecida do Estado.

A disposición dos pliegos de contratación a subrogación das auxiliares de axuda a domicilio para dar cobertura a un servizo que forma parte do catálogo de servizos da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia en Ourense constata que, seis traballadoras despedidas formaban parte do mesmo, ademais de ter máis de dous anos de antigüidade no servizo.



Tratándose dun servizo fundamental para garantir o desenvolvemento das actividades básicas da vida diaria, e inmersos nun contexto de pandemia sen precedentes motivada pola Covid-19, é urxente investir neste tipo de recursos.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) É coñecedora da situación de despido de seis auxiliares de axuda a domicilio do Concello de Ourense?
- 2.^a) Esas seis auxiliares despedidas pola empresa adxudicataria do servizo, forman parte do total de auxiliares de axuda a domicilio a subrogar polos pliegos de contratación para o SAF de Ourense?

Pazo do Parlamento, 01 de xuño de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Carmen Rodríguez Dacosta
Juan Carlos Francisco Rivera
Julio Torrado Quintela Marina Ortega Otero
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 01/06/2021 11:01:44

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 01/06/2021 11:01:55

Juan Carlos Francisco Rivera na data 01/06/2021 11:02:08

Julio Torrado Quintela na data 01/06/2021 11:02:18



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A educación é o principal motor de cambio dunha sociedade. Investir en educación é equivalente a investir nas persoas. Non hai desenvolvemento económico, social ou persoal que non pase por unha firme aposta por un sistema educativo de calidade.

A promulgación da Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE) ano 1990 e a súa implantación ao longo da década dos anos noventa do século pasado trouxo consigo, entre outras cousas, a necesidade de reorganizar a rede de centros da nosa Comunidade Autónoma.

O Goberno da Comunidade Autónoma tomou naquel momento a decisión de elaborar un extenso e detallado documento de planificación coñecido como a Rede de Centros, na que se establecían os centros existentes e os de nova creación, así como a adscrición entre eles, xunto co número de unidades necesarias para a efectiva escolarización do alumnado.

Ademais reguláronse, coa necesaria negociación cos representantes do profesorado, os postos de traballo para os distintos corpos docentes o que deu lugar aos correspondentes procesos de adscrición.

Todos os procesos, que moi basicamente se acaban de describir, tiveron un elemento fundamental que os caracterizou: o diálogo. Dende entón téñense producido moitos cambios, tanto demográficos como lexislativos.

Por outro lado a grave crise demográfica, que afecta fundamentalmente ao mundo rural, ten o seu reflexo en varios feitos:

- No ano 1998 había en Galicia 22.276 nenas e nenos de 6 anos que é idade na que se inicia a escolarización obrigatoria en educación primaria e no ano 2020 hai 20.521, unha redución do 7,88 %.



- As proxeccións realizadas polo IGE sitúan en 14.486 o número de nenas e nenos de 6 anos no ano 2031 (dentro de dez anos).
- Do mesmo xeito, no ano 1998 había en Galicia 28.899 alumnos e alumnas de 12 anos, que é a idade de inicio da educación secundaria obrigatoria, e no ano 2020 esa cifra descendeu ata os 23.176, unha redución do 19,80%.

As proxeccións realizadas polo IGE sitúan en 17.930 o número de alumnos a alumnas de 16 anos no ano 2031 (dentro de dez anos).

A perda de alumnos e a conseguinte redución de unidades nos centros, como consecuencia desa grave crise demográfica que atravesa Galicia, incluso o peche dalgún centro, dá lugar a situacións graves que deberan ser corrixidas á maior brevidade, posto que se trata dun asunto de País. Cabe centrarse, polo menos, nas seguintes evidencias:

- A redución de oferta educativa nos concellos afonda, aínda máis, no progresivo desmantelamento de servizos públicos, como xa ten denunciado en repetidas ocasións este Grupo Parlamentario.
- A aplicación de idénticos criterios en canto á posibilidade de oferta de determinadas materias na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato a centros cun número diferente de unidades e polo tanto de profesores e profesoras, supón unha diferenza de oportunidades incompatible coa necesaria igualdade, discriminando negativamente ao alumnado de centros de menor tamaño.

Por outra banda, non podemos facer abstracción da actual realidade educativa no relativo á formación profesional e á necesidade de que, na máxima medida do posible, a oferta se adecúe ao contexto produtivo dos centros. En boa medida, a actual oferta é unha herdanza das ensinanzas preexistentes da formación profesional de primeiro e segundo grao correspondentes á xa mencionada Lei xeral de educación de 1970.

Tamén é necesario mudar as políticas relativas aos servizos complementarios, en concreto na ampliación da cobertura dos comedores escolares, de xeito que se convertan nun verdadeiro elemento de dobre obxectivo: contribuír á finalidade educativa que deben ter (máxime na tan necesaria educación alimentaria) e como servizo esencial que contribúa á conciliación da vida familiar e laboral.



Por último, tamén se pon de manifesto en numerosos concellos de Galicia que ao remate das etapas obrigatorias, hai alumnado que se debe escolarizar noutras localidades o que implica non poucas complexidades para este alumnado e as súas familias, dende os horarios ata o custo económico.

As anteriores afirmacións poñen o foco sobre un problema que a Comunidade Autónoma de Galicia non ten abordado nin dende o ámbito político nin moito menos dende a acción governamental na última década, negando toda posibilidade de facer unha planificación seria, obxectiva, que conte co necesario consenso, que forneza a oferta pública, con particular intensidade no mundo rural, que dote de estabilidade ao sistema educativo da nosa Comunidade Autónoma e que, en definitiva, se faga con perspectiva de País; unha política na que se fundamenten as decisións que se deban tomar e que, á súa vez, impida actuacións unilaterais do goberno contrarias a un interese común acordado co máis amplo consenso posible.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación inclúe un artigo específico, o 82, relativo á igualdade de oportunidades no ámbito rural, establecendo con claridade que as administracións educativas terán en conta o carácter específico da escola rural proporcionándolle os medios e sistemas organizativos necesarios para atender ás súas necesidades particulares e garantir a igualdade de oportunidades, que impulsarán o incremento da escolarización do alumnado de zona rural nos ensinos non obrigatorios, procurando unha oferta diversificada destes ensinos, relacionada coas necesidades da contorna, adoptando as oportunas medidas para que a dita oferta proporcione unha formación de calidade, especialmente con programas de formación profesional vinculados ás actividades e recursos da contorna, que para garantir a igualdade de oportunidades no ámbito rural, realizárase un axuste razoable dos criterios para a organización da optatividade do alumnado de educación secundaria nos centros que polo seu tamaño puidesen vela restrinxida, que facilitarán a dotación dos centros do ámbito rural con recursos humanos suficientes e fomentarán a formación específica do profesorado das zonas rurais, favorecendo a súa vinculación e identificación cos proxectos educativos do centro e que dotarán á escola rural de materiais de aprendizaxe e de recursos educativos na internet.

Ante ese sensato mandato caben dúas posibilidades: que o Goberno da Xunta de Galicia considere que as medidas que se están a poñer en marcha dan cumprimento á obriga ou que se deben enfrontar novos retos para cumprila. Sen afirmar que o Goberno galego teña sumida a escola rural nunha situación calamitosa, o Grupo Parlamentario Socialista considera que existe un amplo espazo de mellora con respecto á escola rural.



Comunidades autónomas con problemáticas similares ás de Galicia, como o Principado de Asturias ou Aragón, teñen creado observatorios da escola rural (no Principado de Asturias mediante o *Decreto 78/2018, de 27 de diciembre, por el que se crea el Observatorio de la Escuela Rural en Asturias y se regula su organización y funcionamiento* e en Aragón mediante o *Decreto 83/2018, de 8 de mayo, del Gobierno de Aragón, por el que se crea el Observatorio de la Escuela Rural en Aragón, y se regula su organización y funcionamiento*).

Nos preámbulos podemos ler que as razóns que xustifican eses órganos son que “considérase necesario efectuar unha fase de valoración e estudo que permita ofrecer propostas xerais coas que lograr a estruturación e consolidación do modelo educativo propio da escola rural asturiana, e que indirectamente favoreza o desenvolvemento do medio rural en xeral, tendo en conta as súas necesidades actuais así como as previsións e formulacións de futuro” (no caso do Principado de Asturias) ou que “estímase necesaria a creación dun Observatorio da Escola Rural en Aragón como órgano colexiado de carácter consultivo e participativo, que sirva como punto de encontro e participación entre distintas Administracións Públicas e entidades privadas vinculadas á educación no medio rural, e dar resposta á problemática e necesidades que se dan no medio educativo rural, especialmente naqueles territorios que presenten unhas características demográficas e xeográficas singulares” (no caso de Aragón).

Ambas afirmacións teñen un traslado exacto á Comunidade Autónoma de Galicia, polo que entendemos que sería moi pertinente crear un órgano autonómico análogo aos existentes nas dúas comunidades autónomas mencionadas.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Considera a Xunta de Galicia necesaria a creación dun Observatorio da Escola e Educación Rural en Galicia como un órgano colexiado de carácter consultivo, de asesoramento e participativo das diferentes entidades e Administracións implicadas no desenvolvemento do medio rural e na estrutura dun modelo educativo propio da escola rural galega?

Pazo do Parlamento, 1 de xuño de 2021





Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/06/2021 11:27:14

Noa Susana Díaz Varela na data 01/06/2021 11:27:28



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A pandemia da Covid-19 fixo translúcidos problemas de base en cando ao modelo de coidados en Galicia. En concreto a chamada Lei de dependencia marca seis meses como máximo para a propia resolución de Grao e de PIA (Programa Individual de Atención) e no caso de Galicia estamos a vivir listas de agarda de máis do dobre do que a lei permite.

Ademais nun recente estudo constatouse que Galicia é das CCAA que menos inviste por habitante de toda España.

Datos moi preocupantes nun contexto de normalidade e máis aínda tras a crise socio económica motivada pola pandemia.

Fai uns meses, a Consellería de Política Social, anunciada un proxecto piloto para axilizar tempos de agarda nas listas de dependencia. No mesmo se desprazaba ao propio persoal dos equipos de valoración a outras vilas ou lugares do conxunto da provincia de Ourense. Sería importante coñecer o resultado de dita experiencia piloto e, sobre todo, coñecer se o número de persoal para os equipos que traballan por resolver os expedientes e as valoracións se incrementou ou non. Hai que ter en conta que ao deixar de facer as valoracións de xeito presencial pódese intuír un aumento na axilidade das resolucións, pero en detrimento da propia calidade das valoracións.

Fai uns días a consellería anunciou un plan de choque en dependencia para axilizar e reducir os tempos de espera. En concreto especificando:

Implantar unha simplificación normativa e administrativa, redefinir o Programa individual de atención (PIA), reducir os tempos de espera nas valoracións e crear novas vías preferentes.

Crear novos centros de valoración e equipos itinerantes, optimizar as rutas que seguen os valoradores a domicilio e mellorarse o modelo de xestión de citas, entre outras medidas.



Por en marcha unha campaña didáctica para achegar á cidadanía galega o proceso de solicitude de dependencia dun xeito sinxelo e claro.

Dende o Grupo Socialista consideramos urxente coñecer, cal é o investimento para lograr reducir as listas de espera, e se aumentarán o número de técnicos dos equipos de valoración e de resolución de expedientes.

Hai que ter en conta que Galicia é beneficiaria de importantes fondos estatais específicos para axilizar as listas de espera por parte do “Plan de Choque de la Dependencia” do Goberno de España.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Considera necesario a Consellería de Política Social aumentar o persoal nos EVD?

2.ª) Que resultados se obtiveron no estudio piloto da provincia de Ourense? Incrementouse o persoal?

3.ª) En que investiron ou investirán os recursos do “Plan de Choque da Dependencia” do Goberno de España?

4.ª) Que medidas ou recursos van a investir para mellorar a calidade dos servizos e libranzas da carteira de servizos que establecida na Lei de Promoción da autonomía persoal e atención das persiñas en situación de dependencia.?

Pazo do Parlamento, 01 de xuño de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 01/06/2021 16:43:56

Julio Torrado Quintela na data 01/06/2021 16:44:09



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, solicitan se realice a seguinte **corrección de erros nos doc. núm. 16780, 16782, 16783 e 16784**

No primeiro parágrafo onde di: “... de base en cando ao modelo...” debe dicir: de base en canto ao modelo...”

No segundo parágrafo engadir *in fine*: “... en servizos sociais.”

Pazo do Parlamento, 02 de xuño de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 02/06/2021 13:36:00

Julio Torrado Quintela na data 02/06/2021 13:36:18



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Tendo coñecemento que dende o pasado día 18 de maio, se deixou de prestar o servizo adicional de media mañá de limpeza e desinfección, posto en marcha, debido á Covid-19, tras a recuperación da atención presencial nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Ourense, no pasado verán.

E segundo información que se nos traslada no resto das provincias de Galicia, se segue prestando o referido servizo de limpeza e desinfección Covid-19, e ignorando cal foi o motivo non só da paralización do servizo senón tamén da discriminación negativa de traballadores/as e usuarios/as con respecto do resto da Comunidade Autónoma.

E por entender que tal situación está a xerar malestar dentro do persoal coa situación xerada, tanto pola discriminación como pola repercusión que poida haber en materia de saúde laboral.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que dende o pasado 18 de maio nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia, da provincia de Ourense, se deixou de prestar o servizo adicional de limpeza e desinfección de media mañá, posto en marcha debido á Covid-19?
2. No resto de oficinas do Servizo Emprego de Galicia segue a prestarse o servizo adicional de limpeza e desinfección de media mañá?
3. Cal é o motivo da discriminación cara as oficinas de Ourense?

Pazo do Parlamento, 1 de xuño de 2021





Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 01/06/2021 17:34:30

Marina Ortega Otero na data 01/06/2021 17:34:39

Juan Carlos Francisco Rivera na data 01/06/2021 17:34:49

Julio Torrado Quintela na data 01/06/2021 17:35:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

E van aló polo menos 8 anos desde que se detectou a presenza da chamada nesperiña do castiñeiro no ano 2014, e a súa poboación vai en aumento e os danos son considerables tanto no referente á produción de froito coma á saúde das árbores.

Nos artigos 115 e 116 da actual Lei 7/2012, de Montes de Galiza, di que lle corresponde á Administración forestal a vixilancia, localización e estudo das pragas e enfermidades forestais, así como os labores de prevención, control e erradicación das mesmas. E debemos entender por Administración forestal aquel órgano con rango de Dirección Xeral con competencias en materia de montes, que, en canto ás competencias específicas de control de saúde das masas forestais se exercen, actualmente, a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, Servizo de Saúde e Vitalidade do Monte.

No Plan de Actuacións de Loita contra as Pragas e Enfermidades do Castiñeiro no 2020 establécese dentro do Procedemento Operativo para o Control Biolóxico, un Novo Plan de Solta Tormus 2020 con tres tipos de actuacións:





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Establecer como época de solta idónea o momento da brotación nas masas onde o ano anterior había infestación.
- Determinar as zonas e o momento de solta máis adecuados, en base a ese criterio.
- Recollida de bugallos para comprobar a parasitación.

A falta do estudo de prevalencia sobre a recolla de mostras no pasado outono e tomando os resultados das análises de parasitación das soltas da primavera de 2019, no Plan de Actuación último faise unha valoración triunfalista en exceso ao constatar que en 68 das 142 cuadrículas se recuperan torymus e que en 54 se supera o límite do 3%, e en base a este dato establécese que o torymus está xa asentado no territorio.

Nada se fala neste plan da necesaria divulgación entre os cultivadores e interesados nos soutos e na explotación da castaña, das medidas complementarias ás accións de solta como poden ser a non utilización de pesticidas, a non eliminación de bugallos ou o necesario abonado para o fortalecemento das árbores afectadas. Medidas estas adoptadas desde hai xa anos noutras Comunidades Autónomas co gallo de favorecer a instalación e permanencia de poboacións activas de *Torymus sinensis*.

Nada vimos, entre as medidas tomadas pola Consellería, e dentro da necesaria continuación das soltas de torymus para reforzar a súa presenza en todo o territorio, do fomento da cría deste parasito nos centros públicos de investigación dependentes da Xunta de Galiza.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Van continuar desde a Consellería coa compra do torymus e as soltas no ano próximo?

. Con que intensidade?

. Non cre a Consellería do Medio Rural na conveniencia de organizar charlas e fornecer de material divulgativo a aqueles propietarios de soutos e novas plantacións de castiñeiros co obxecto de non entorpecer a instalación de poboacións do predador da nesperiña?

. Hai feito algún estudo referente ás variedades comerciais de castaña e a maior ou menor incidencia da nesperiña?

. Que balance fan desde a Consellería das perdas económicas atribuíbles á nesperiña?

. Que medidas están tomando para continuar coa expansión do cultivo da castaña como actividade económica con futuro a recuperar no rural ?

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 02/06/2021 09:26:51

María González Albert na data 02/06/2021 09:26:54

Xosé Luis Rivas Cruz na data 02/06/2021 09:27:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a asunción polo Sergas da sanidade penitenciaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As administracións públicas deben ter unha especial atención con aqueles colectivos máis vulnerábeis, máis débiles da sociedade. Dentro destes colectivos están as persoas presas, que ven agravadas as súas condenas con toda unha serie de dificultades e problemas de entre as que cabe destacar a atención sanitaria.

A Lei de Cohesión e Calidade 16/2003 de 28 de maio, contemplaba a integración dos servizos sanitarios dependentes de Institucións Penitenciarias nos Sistemas Nacionais de Saúde, concretamente, a disposición adicional sexta do citado texto normativo establecía:

Os servizos sanitarios dependentes de institucións penitenciarias serán transferidos ás comunidades autónomas para a súa plena integración nos correspondentes servizos autonómicos de saúde.

Para tal efecto, no prazo de 18 meses desde a entrada en vigor desta lei e mediante o correspondente real decreto, procederase á integración dos servizos





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sanitarios penitenciarios no Sistema Nacional de Saúde, conforme o sistema de traspasos establecidos polos estatutos de autonomía”.

O prazo estipulado para facer efectivo este traspaso hai ben tempo que foi superado, este incumprimento xa ten motivado a presentación de diversas iniciativas por parte do BNG para que se efective esta transferencia.

O Observatorio para a Defensa dos Dereitos e Liberdades Esculca, ten reclamado en varias ocasións a integración do Servizo Sanitario Penitenciario das cadeas da Galiza no Servizo Galego de Saúde. Desde este observatorio trasladánnos que o Defensor del Pueblo respóndenlle a unha recente queixa formulada informando da comunicación que lle envían dende a Secretaria General de Instituciones Penitenciarias, da que salientamos o seguinte parágrafo:

*"En cuanto al estado de las negociaciones para la integración del Servicio Sanitario penitenciario en el SERGAS, con fecha **11 de julio de 2019** le fue enviada carta a la Consellería de Sanidad de la Xunta de Galicia, solicitando una reunión a fin de abordar este tema, sin que se haya obtenido respuesta hasta el momento actual. Desde la Subdirección General de Sanidad se tiene intención de reanudar las conversaciones y negociación con comunidades autónomas, en el momento que la gestión de la pandemia por la covid-19 en los centros penitenciarios lo permita".*

A integración dos servizos sanitarios dependentes de Institucións Penitenciarias no Servizo Galego de Saúde non é unha mera cuestión de distribución de competencias, trátase de mellorar a saúde das persoas presas e é recomendada por diversas disposicións internacionais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlense as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Cal é a razón pola que a Xunta de Galiza non ten realizado as negociacións para a integración do Servizo Sanitario penitenciario no SERGAS?
- . Por que a Consellaría de Sanidade non ten contestado á carta enviada o 11 de xullo de 2019 para abordar o tema?
- . Vai solicitar a convocatoria da Comisión Mixta para abordar a transferencia?

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/06/2021 13:13:09

Iria Carreira Pazos na data 02/06/2021 13:13:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/06/2021 13:13:21

María Montserrat Prado Cores na data 02/06/2021 13:13:28



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e María Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Grupo Ferroglobe, presentou no 2017 a solicitude de segregación das actividades hidroeléctricas e industriais da fábrica de Cee e Dumbría e con elas devolver ao seu estado orixinal as concesións dos ríos Xallas e Grande, foi a mobilización dos traballadores e traballadoras da fábrica, cun apoio decidido da veciñanza e gobernos dos concellos da comarca, os que fixeron posible que a Xunta de Galicia rexeitase a dita solicitude. O presidente da Xunta en sede parlamentaria dicía que esixiría á empresa, tantas ou máis garantías do mantemento do emprego como as que garantía naquel momento se a operación de segregación fose viable.

No ano 2019, a fábrica de Cee e Dumbría xunto con 10 centrais hidroeléctricas do Grupo Ferroglobe foron vendidas ao Fondo *TPG Sixth Street Partners* por 170 millóns de euros. As accións do Grupo Ferroglobe pasaron ao Fondo TPG, mantendo a denominación social anterior e con ela as concesións para a produción de enerxía eléctrica vinculada á produción de ferroaleacións. Descoñecemos o acordo entre os novos propietarios e o grupo vendedor, pero sabemos que en virtude deste, Ferroglobe converteuse no único receptor da súa produción, ao mesmo tempo que se comprometía a subministrar á nova empresa as materias primas clave.

Nese mes de xuño dese 2019, o presidente da Xunta, en sede parlamentaria asegurou que o seu executivo traballaría pola continuidade industrial e reclamaría un plan industrial para activar o complexo de Cee/Dumbría. En outubro dese ano, o Grupo Parlamentario Socialista pediulle ao conselleiro de Industria que esixise da nova empresa un plan de viabilidade, xa que a autorización administrativa concedida en 1992 e a conseguinte resolución definitiva de 1994 establecía que o réxime de titularidade non podería ser alterado sen autorización administrativa, ademais de que impedía a segregación das actividades de Ferroatlántica, por iso a venda debía ser autorizada previa e expresamente por Augas de Galicia, que tiña a obriga



de se pronunciar sobre se o negocio xurídico de Ferroatlántica está suxeito á autorización previa, esta implica a presentación dun plan de viabilidade que garanta a actividade de ferroaleaxes e que especifique a continuidade do funcionamento de todos os fornos e o mantemento do emprego. O ex-director xeral de Enerxía e Minas informou de que se requiriría un plan de viabilidade de Ferroatlántica no momento en que formalizase a "plena" propiedade das centrais hidroeléctricas, deste xeito, o Goberno procedería a solicitar o plan industrial "no momento en que formalice o rexistro desta opción de compra do arrendamento financeiro" e que a "totalidade" da propiedade das centrais hidroeléctricas "esteá en mans de Ferroatlántica".

A principios de 2020, a empresa comezouse a denominar como Xallas Electricidad y Aleaciones, SAU, "Xeal" e contaba con máis de 250 persoas no cadro de persoal. No mes de marzo de 2020, a nova dirección da empresa en Dumbría/Cee presentáballes aos alcaldes da comarca o seu plan de negocio, con investimentos e compromiso das dúas liñas de negocio, aleacións e electricidade, cun emprego de calidade e cun desenvolvemento conxunto da comarca. Nesta reunión a dirección de Xeal comunicoulles que optaban polo mantemento do emprego, pese á crise do sector e á incerteza xerada pola covid-19.

Derivado da pandemia asistimos á aplicación dun ERTE que garantía o 100 % dos salarios para os traballadores afectados polas corentenas e como despois dese período, en setembro de 2020, a empresa activaba un ERTE aprobado en febreiro de 2019, antes da venda das factorías e as centrais hidroeléctricas ao novo propietario, motivado polo descenso continuado na demanda dende principios de ano e agravado pola crise económica derivada da covid-19, que provocou unha redución da produción das compañías produtoras de aceiro e o estancamento da actividade dos seus clientes finais, o dito ERTE tivo unha duración máxima de cinco meses e incluía un complemento de salario aos traballadores afectados ata o 85 %, mantendo o 100 % das pagas e vacacións.

A realidade é que as plantas de Cee e Dumbría, 3 meses despois da finalización do ERTE atópanse a unha porcentaxe baixa da súa capacidade de produción, con só 3 fornos dos 5 existentes en funcionamento e perdéronse postos de traballo entre persoal eventual e industria auxiliar, tamén hai que destacar como a nova dirección da empresa está a quitarlle



traballo a empresas externas da comarca para darlla a empresas foráneas, actuando de xeito contrario ao que lle prometeron aos alcaldes da comarca e contra a actividade da Costa da Morte.

Os traballadores levan esperando dende hai máis de 19 meses por un prometido plan de viabilidade que garanta a continuidade da actividade industrial e os postos de traballo existentes nas fábricas, mentres a produción segue baixo mínimos e non se levan a cabo os investimentos necesarios nas fábricas que garantan a produción, o que podería supor que Xeal estea centrando o seu futuro na explotación dos recursos enerxéticos, agravando o deterioro paulatino das fábricas e amortizando man de obra.

A Xunta de Galicia non pode seguir mirando para outro lado e debe garantir o mantemento dos postos de traballo e a actividade das ferroaleacións segundo o establecido nos fundamentos xurídicos da sentenza do TSXG de novembro de 2020 que di que a condición de non segregación das actividades fixouse para asegurar o mantemento do emprego dunha comarca deprimida como é a Costa da Morte e, polo tanto, a Xunta de Galicia debería fixar uns criterios mínimos de cumprimento desa condición establecida por sentenza xudicial.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Vai o Goberno galego establecer uns criterios mínimos de mantemento do emprego nas fábricas de XEAL en Cee e Dumbría tal e como figura nos fundamentos xurídicos da sentenza do TSXG do 20 de novembro de 2020 que argumenta que a condición de non segregación das actividades enerxéticas e de ferroaleacións fixouse para asegurar o mantemento do emprego dunha comarca deprimida como é a Costa da Morte?

2ª) En que condicións entende o Goberno galego que a empresa explotadora dos recursos enerxéticos está cumprindo a condición establecida de mantemento da actividade industrial nas fábricas de XEAL?

3ª) Presentou XEAL o plan de viabilidade para as súas fábricas de Cee e Dumbría, van facilitarlllo ao Comité de Empresa?



4ª) Vai o Goberno galego facilitarlle ao Comité de Empresa as condicións nas que se produciu a venda da empresa e da situación industrial na que se atopan as plantas de Cee/Dumbría?

Pazo do Parlamento, 2 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 02/06/2021 12:04:32

María Leticia Gallego Sanromán na data 02/06/2021 12:04:59



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cada día que pasa a crise no sector da carne é máis dura, cunha situación derivada da pandemia que golpeou duramente a un sector que partía con problemas anteriores e ante a pasividade dun goberno galego que segue sen poñer todos os recursos necesarios para salvar a un sector estratéxico para Galicia. Hai poucas datas Unións Agrarias pedía a convocatoria da mesa da carne derivada da caída de ingresos do sector que avaliaban en 18 millóns de euros dende o inicio da pandemia

Cando falamos deste sector referímonos a unhas 22.000 explotacións, das cales 10.500 son profesionais e xeran arredor de 200.000 reses, se seguimos perdendo parte dos 20.000 empregos profesionais que ofrece este sector, entre produtores, matadoiros, salas de despece e veterinarios, traerá consigo ademais do terrible efecto económico, un efecto social, medioambiental e territorial, nesa Galicia que depende das explotacións de carne, como base esencial contra o abandono ao estar boa parte destas explotacións no territorio da montaña galega.

A longa crise da covid-19 causou unha caída importante do consumo de carne derivado dos peches no canal de restauración, da caída do turismo e dos cambios nos hábitos de consumo, os peches temporais dos mercados locais e feiras, fixo que todo o peso caese nas grandes cadeas de alimentación, o que derivou nun forte descenso nos prezos pagados aos produtores, mentres os consumidores non viron ese descenso na cesta da compra.

A depreciación da carne este ano foi brutal, hai pouco saía nos medios de comunicación que a central agropecuaria de Silleda, pechou 2020, cunha asistencia de 34.976 reses e unha facturación de 12.724.699 euros, é dicir cun 24 % de animais menos nas poxas e unha facturación un 30 % menor.



A Xunta de Galicia debe velar e poñer instrumentos para facer efectivo o cumprimento da lei da cadea alimentaria en todos os sectores alimenticios e por suposto nos diferentes sectores da carne para garantir a supervivencia dos nosos gandeiros que están a cobrar por debaixo dos custes de produción, tendo que gastar os seus aforros ou acudir a préstamos bancarios que en moitos casos non poden soportar.

Cómpre a posta en marcha dun observatorio de prezos para poder estabilizar os mercados e a Administración autonómica debe velar polo cumprimento dos contratos e os prezos aprobados na mesa de negociación.

Se queremos facer unha aposta polos produtos de calidade da nosa terra, o primeiro paso debe ser que a propia Administración autonómica introduza nos contratos dos servizos de comedor e *catering* dependentes dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia, a utilización de produtos do noso país e, por outra banda, a Xunta de Galicia debe ter as mellores vías de negociación para que as grandes superficies comercialicen a excelente carne dos nosos produtores, non pode ser que grandes cadeas alimentarias adheridas ao canal de mercaproximidade ... ás veces non teñan carne da nosa terra e optan por tenreira do estranxeiro.

A Xunta de Galicia debería complementar, as insuficientes axudas directas do PDR que permitiu Europa, e das que non utilizou a contía total permitida para este sector, que eran de 24 millóns de euros, dos que só usou uns 7 millóns de euros que son insuficientes para os 18 millóns de perdas acumuladas, a Administración galega podería complementar esta cantidade con fondos propios como lle pedimos nas emendas do Grupo Parlamentario Socialista aos orzamentos deste ano 2021.

A estratexia da Xunta de Galicia debe basearse na aposta por unha ganaría extensiva de calidade, por incentivar a investigación pública para aumentar a calidade do noso produto e a súa alimentación, por modernizar as canles de envasado e despece dos produtos cara ao consumidor, utilizar os medios de negociación para garantir a presenza da nosa carne nas cadeas alimentarias do noso territorio e apostar pola expansión ao mercado exterior con produtos de alta calidade, baixo selos que garantan a certificación en todas as materias posibles, saúde, ... medioambiente, etc.



Dende o inicio da pandemia os prezos de venda da carne caeron arredor de 65 euros por animal o que implica que cada explotación precisaría arredor de 2.000 euros para situarse na situación económica que tiña antes da pandemia, os gandeiros galegos están vendendo a súa carne por menos do que lles custa produci-la, e son eles os que demandan a urxente implicación da Administración galega para poñer en marcha un observatorio de prezos que permita contar con estudos de custos de produción de referencia que garantan o cumprimento da lei de cadea, establecendo con claridade a liña vermella que non se pode cruzar para evitar a venda a perdas. A Xunta debe actuar para conseguir un reposicionamento da carne certificada de tenreira galega dentro do mercado non é posible que o prezo de liquidación dun produto de alta gama, cuns custos de produción maiores, baixe como está a suceder. Debe poñerse en marcha unha lonxa agropecuaria de referencia, que traballe de xeito profesional e que permita referenciar aos seus prezos os contratos necesarios para o cumprimento da lei de cadea.

Hai que reflotar con urxencia a un sector estratéxico, que aglutina a moitos miles de explotacións situadas nas zonas demograficamente máis sensibles da nosa comunidade e que levan décadas arrastrando unha crise de prezos e agora coa crise da covid-19 o dito prezo baixou. Dende febreiro do 2020 a febreiro de 2021 as cotizacións da tenreira galega pasaron de 4,78 a 4,54 €/kg. pola contra, dende o inicio da pandemia os custos de produción subiron entre un 3 e un 5 %, fundamentalmente debido á suba dos cereais.

De acordo cun estudo elaborado por Unións Agrarias, o custo de produción dun quilo de carne está no entorno de 4,30 euros, sen contar amortizacións nin man de obra, pero se engadinos custos de amortización situámonos xa entorno a 5,35 €, un desfase moi importante en relación ao prezo de venda que deixa claro que os gandeiros galegos están a perder cartos a día de hoxe.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Consideran suficientes as axudas detraídas do PDR para o sector da carne de vacún que arrastra unha caída de ingresos duns 18 millóns de euros?



2ª) Vai o Goberno galego a establecer unha nova liña de axudas aos produtores de carne de vacún fortemente golpeados pola crise dacovid-19?

3ª) Vai o Goberno galego establecer mecanismos para velar polo cumprimento da lei da cadea no sector da carne como un observatorio de prezos e o establecemento dunha lonxa de referencia?

Pazo do Parlamento, 2 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 02/06/2021 16:21:04

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 02/06/2021 16:21:25



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

As familias con nenos e nenas con necesidades educativas especiais atópanse sen solucións cando estes rematan a súa escolarización aos 21 anos debido á falta de prazas en centros de día e residenciais onde poidan seguir sendo atendidos. Na actualidade, as listas de agarda alónganse ata os dous anos en moitos casos.

A Consellaría de Política Social debe buscar unha solución urxente a esta falta de prazas e, mentres tanto, dar algún tipo de alternativa ás familias. Neste senso, parece oportuno modificar o Decreto 229/2011 para permitir temporalmente que os nenos e nenas poidan permanecer nos centros de Educación Especial, como xa se ten acordado noutras comunidades autónomas como Castela-León.

O propio secretario xeral de Educación, José Luís Mira Lema, aseguraba en sede parlamentaria que a atención á diversidade é “un obxectivo prioritario do sistema educativo galego” porque “a educación é a maior riqueza dun país” e para iso ninguén debe quedar fóra.

A lexislación actual apela á flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses expectativas e necesidades do alumnado e asegurar os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades.

A Consellaría de Educación acordou en 2020 que no curso 2020-2021, nun ano educativo complicado e marcado pola pandemia, se mantería a escolarización dos nenos e nenas de 21 anos ou máis que non acadasen a avaliación positiva nos programas formativos de FP básica e de preparación para a vida adulta. Dado que este curso foi especialmente adverso para o alumnado polas previsibles condicións de desenvolvemento do curso, parece razoable que ese acordo de escolarización se alongue un curso máis, polo menos ata que as consellarías de Política Social e de Educación atopen unha solución a esta anómala situación de desprotección destes rapaces e rapazas.



Por iso a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Vai permitir a Xunta de Galicia a escolarización nos CEE de Galicia no curso escolar 2021-2022 ao alumnado de 21 anos ou máis que o solicite, prorrogando así unha medida actualmente vixente no presente curso 2020-21?

2ª) Cando pensa recibir a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade a Plataforma de Anpas de CEE de Galicia toda vez que precisan dunha solución urxente ás súas demandas para o curso 2021-2022?

3ª) Como valora establecer protocolos coa Consellaría de Política Social para poder desenvolver de maneira coordinada e conxunta nos CEE servizos de terapia ocupacional e de axuste persoal e social que faciliten o desenvolvemento persoal e a inclusión social dos mozos e mozas con discapacidade?

Pazo do Parlamento, 2 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 02/06/2021 16:27:27

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/06/2021 16:27:41



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Luís Manuel Álvarez Martínez e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

As familias con nenos e nenas con necesidades educativas especiais atópanse sen solucións cando estes rematan a súa escolarización aos 21 anos debido á falta de prazas en centros de día e residenciais onde poidan seguir sendo atendidos. Na actualidade, as listas de agarda alónganse ata os dous anos en moitos casos.

A Consellaría de Política Social debe buscar unha solución urxente a esta falta de prazas e, mentres tanto, dar algún tipo de alternativa ás familias. Neste senso, parece oportuno modificar o Decreto 229/2011 para permitir temporalmente que os nenos e nenas poidan permanecer nos centros de Educación Especial, como xa se ten acordado noutras comunidades autónomas como Castela-León.

O propio secretario xeral de Educación, José Luís Mira Lema, aseguraba en sede parlamentaria que a atención á diversidade é “un obxectivo prioritario do sistema educativo galego” porque “a educación é a maior riqueza dun país” e para iso ninguén debe quedar fóra.

A lexislación actual apela á flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses expectativas e necesidades do alumnado e asegurar os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades.

A Consellaría de Educación acordou en 2020 que no curso 2020-2021, nun ano educativo complicado e marcado pola pandemia, se mantería a escolarización dos nenos e nenas de 21 anos ou máis que non acadasen a avaliación positiva nos programas formativos de FP básica e de preparación para a vida adulta. Dado que este curso foi especialmente adverso para o alumnado polas previsibles condicións de desenvolvemento do curso, parece razoable que ese acordo de escolarización se alongue un curso máis, polo menos ata que as consellarías de Política Social e de Educación atopen unha solución a esta anómala situación de desprotección destes rapaces e rapazas.



Por iso, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Asume a Consellaría de Política Social a falla de prazas en centros de día e residenciais para os mozos e mozas con discapacidade unha vez que rematan a súa escolarización?

2ª) Ten pensada a Xunta de Galicia algunha solución urxente para eses mozos e mozas e as súas familias?

3ª) Como valora establecer protocolos coa Consellaría de Cultura, Educación e Universidade para poder desenvolver de maneira coordinada e conxunta nos CEE servizos de terapia ocupacional e de axuste persoal e social que faciliten o desenvolvemento persoal e a inclusión social dos mozos e mozas con discapacidade?

Pazo do Parlamento, 2 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 02/06/2021 16:28:09

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/06/2021 16:28:24

Marina Ortega Otero na data 02/06/2021 16:28:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Mercedes Queixas Zas e Iria Carreira Pazos, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a realización de cursos de linguaxe xurídica galega destinados a administración de xustiza e outros colectivos relacionados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O art. 5 do Estatuto de Autonomía de Galiza dispón a obriga dos poderes públicos de potenciaren a utilización do galego en todos os ordes da vida pública, cultural e informativa, facilitándolles o medios necesarios a tal fin.

A Lei de Normalización Lingüística de 1983 reconece o dereito da cidadanía a relacionarse en galego, oralmente e por escrito, coa administración pública; ordenando á Xunta de Galicia a adopción das medidas necesarias para a normalización progresiva do idioma propio do país.

No Plan de Normalización Lingüística de Galiza de 2004 contéplase como o obxectivo específico incrementar o uso da lingua galega na Administración de Xustiza e na administración periférica do Estado en Galiza nas súas relacións internas, así como garantir a atención aos cidadáns en galego, constituíndo o idioma propio de Galiza a lingua normal de traballo na administración de xustiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No propio documento, aprobado pola unanimidade do Parlamento de Galiza, garátese a capacitación lingüística a todas as persoas que traballan na administración de xustiza, de xeito que lle sexa doado ao cidadán exercer os seus dereitos lingüísticos.

A fin de acadar os obxectivos enunciados no Plan establécense unha serie de medidas, como por exemplo:

- O establecemento de programas de formación nos que se incorpore a capacitación lingüística, a cultura galega e o réxime xurídico do uso das linguas.
- O fomento do uso do galego por medio de medidas de promoción profesional e prestixio dos funcionarios que a vaian usando.

En cumprimento do exposto a Escola Galega de Administración Pública imparte cursos de formación en linguaxe xurídica administrativa destinado a funcionarias da administración de xustiza, destinados tanto en Galiza, como fora de Galiza. Cursos que, por mor da demanda existente, resultan totalmente insuficientes, tanto na súa periodicidade, como no número de prazas ofertadas en cada convocatoria coas nocivas consecuencias que implica, tanto para os funcionarios e funcionarias en particular, como para a cidadanía en xeral, implicando un incumprimento máis do meritado Plan de Normalización Lingüística de Galiza.

Así, nos concursos para a provisión de postos de traballos en órganos xurisdicionais sitos en Galiza un dos méritos avaliáveis -ate con 12 puntos- é o coñecemento oral e escrito da lingua galega debidamente acreditado por medio de certificación oficial da comunidade autónoma, ou homologación do título achegado





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e do nivel a que corresponda o título, supón o recoñecemento, só para estes efectos, de ata doce puntos segundo o nivel de coñecementos acreditado

Xa que logo, a insuficiencia dos cursos formativos en linguaxe xurídica galega impide por unha banda o cumprimento dos dereitos lingüísticos recoñecidas á cidadanía, e por outra limita as posibilidades de acceso a unha praza en órganos xurisdiccionais galegos a traballadoras interesadas incrementado o valor da antigüidade nos servizos prestados sobre o coñecemento da lingua propia do país no que radica a praza ofertada.

E por todo iso fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Cantos foron os cursos de linguaxe xurídica, superior e medio, convocados pola Xunta de Galiza nos anos 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021, dirixido a maxistrados/as, xuíces, fiscais, secretarios/as xudiciais, médicos/as forenses, funcionarios/as dos corpos de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial que presten servizos tanto dentro como fora de Galiza?

-Cal é o número de prazas convocadas en cada un dos cursos aos que se refire a pregunta anterior?

-Número de solicitudes presentadas para participar nos cursos indicados?

-No caso de que sexa superior o número de solicitudes presentadas sobre as prazas ofertadas, valorou a Xunta de Galiza o incremento do número de cursos e/ou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prazas a fin de dar satisfacción ás persoas interesadas e protexer os dereitos lingüísticos da cidadanía?

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2021

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Mercedes Queixas Zas

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/06/2021 17:38:33

Xosé Luis Bará Torres na data 02/06/2021 17:38:37

Iria Carreira Pazos na data 02/06/2021 17:38:47

Mercedes Queixas Zas na data 02/06/2021 17:38:56





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Mercedes Queixas Zas, Daniel Pérez López e Carme González Iglesias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o peche de tendas do Grupo INDITEX en Ferrol e A Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais do ano 2020 INDITEX e os sindicatos CC.OO e UGT asinaron para todo o estado español e para cada unha das marcas do grupo un Acordo de modificación substancial das condicións de traballo e mobilidade xeográfica. Os sindicatos asinantes ostentan ao redor dun 70% da representación a nivel estatal. O sindicato máis representativo a nivel galego, a CIG, non asinou o acordo.

O acordo persegue a “recolocación interna de todo o persoal da empresa afectado polo proceso de absorción de tendas, coa finalidade de manter integramente o emprego de todo o persoal con contrato indefinido”. Este proceso, denominado de absorción de tendas para evitar a palabra peche, é “consecuencia da implementación do Plan de Transformación Dixital na Empresa”.

Neste proceso INDITEX pechará unhas 300 tendas no estado español até o 21 de xaneiro do 2023 que irá comunicando por fases. A primeira fase foi comunicada antes do 30 de abril do 2021, e as seguintes fases serán comunicadas trimestralmente a partir de este momento. Polo de agora na Galiza xa foron comunicados os peches de 24





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tendas, as últimas, 3 tendas en Ferrol e outras 3 na Coruña que afectan a 23 e 35 persoas respectivamente.

O acordo asinado a nivel estatal racha coa dinámica de mellora das condicións de traballo que pouco a pouco ía conseguindo o persoal dos centros de traballo galegos, e supón graves prexuízos para o persoal afectado polo peche de tendas que se non quere ou non pode aceptar as modificacións substanciais que a empresa lle comunique terá que rescindir o contrato.

A representación do persoal das tendas e centros galegos de INDITEX manifesta existir capacidade no Grupo empresarial para realizar estes procesos sen provocar prexuízos ao persoal, a partir dunha negociación transparente, con perspectiva global, sen fases que dificulten a toma de decisións debidamente informadas, e incluíndo no catálogo de vacantes postos de traballo en áreas e procesos que actualmente son externalizados.

Salienta o feito de seren mulleres, moi maioritariamente, as persoas afectadas polas modificacións e/ou a mobilidade xeográfica.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Coñece a Xunta de Galiza cantas tendas vai pechar o grupo INDITEX na Galiza e cal vai ser o impacto para o emprego de este proceso?
- . Coñece a Xunta de Galiza que porcentaxe do persoal afectado son mulleres?
- . Coñece a Xunta de Galiza que porcentaxe do persoal afectado vaise ver na obriga de rescindir o seu contrato pola imposibilidade de conciliación?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- . Ten realizado a Xunta de Galiza algunha xestión para evitar estas rescisións?
- . Coñece a Xunta de Galiza o volume de persoal ocupado nas empresas externas que prestan servizos para INDITEX na Galiza?
- . Coñece a Xunta de Galiza se este proceso de externalización vai en aumento? Coñece as condicións de traballo do persoal que presta servizos para estas empresas?
- . Que consideración lle merece á Xunta de Galiza que estes postos de traballo non se ofrezan ao persoal afectado polos peches de tendas?
- . Coñece a Xunta de Galiza cal é o volume de procesos, operacións e traballos, que INDITEX leva deslocalizado desde os centros galegos a outros en diferentes situacións xeográficas nos últimos 20 anos?
- . Considera factible a Xunta de Galiza recuperar parte de esas ocupacións? Que xestións está a realizar a Xunta de Galiza para conseguilo?
- . Que xestións vai realizar a Xunta de Galiza para conseguir a constitución dunha Mesa Galega do Emprego no GRUPO INDITEX que evite que as mudanzas no negocio empresarial afecten negativamente ao persoal?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carme González Iglesias

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 03/06/2021 09:44:21

Daniel Pérez López na data 03/06/2021 09:44:25

Mercedes Queixas Zas na data 03/06/2021 09:44:34

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/06/2021 09:44:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación do Servizo de Axuda no Fogar na cidade de Ourense e as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza para intervir nesta situación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación dos servizos sociais de Ourense e, singularmente, do Servizo de Axuda no Fogar atravesan unha situación de permanente precariedade, inestabilidade e fonte de conflitos. Esta situación viuse agravada pola pandemia da covid-19 aínda que tanto as organizacións do terceiro sector como as traballadoras do SAF levan anos poñendo demandas enriba da mesa respecto do mal funcionamento do concello e a insuficiencia de recursos materiais e persoais. Esta situación, para alén da pandemia, vese agravada polo bloqueo político que sofre a cidade, situación da que é corresponsable o partido que sustenta o goberno galego.

O pasado sábado 29 de maio as traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar percorrían as rúas de Ourense nunha nova manifestación reclamando a mellora das súas condicións de traballo, que suporían tamén unha mellora dos servizos prestados ás e aos usuarios, case 400 persoas nesta cidade.

Entre outras cuestións, están a denunciar a situación de precariedade na que están a desenvolver o seu traballo. Por unha parte, a empresa concesionaria, Samaín





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Servizos socio-comunitarios, non cumpre o convenio. Das 190 traballadoras, só 60 teñen xornadas completas, o resto xornadas parciais e están desde a mañá ate a noite dun lado para outro, con contratos de luns a domingos, nin hai descanso, nin se paga o plus de domingo. Así mesmo, hai contratos con menos de 25h e en sábados e domingos hai xornadas de 12-14 horas. Por outra banda, a empresa está a despedir persoal con antigüidade (despediron cinco traballadoras e non lle renovaron a 10 considerando perversamente como absentismo o que son baixas por accidente ou motivo laboral). Para alén das cuestións referentes aos dereitos laborais do persoal, hai que salientar tamén que a empresa non fornece os servizos que comprometera como mellora e grazas aos cales foi seleccionada. Por exemplo, non se están ofrecendo servizos de peiteado ou de podoloxía.

É posíbel unha mellor organización do servizo e mellorar as condicións de traballo das auxiliares, o que tamén repercutiría nunha maior calidade do servizo. Neste intre priorízanse cuestións económicas e non as condicións de traballo das auxiliares do SAF. Ademais, na cidade de Ourense, grazas ao Partido Popular estase a perpetuar unha situación de colapso político e administrativo que ten consecuencias graves en materia de servizos sociais. Tal e como ten denunciado o Grupo Municipal do BNG de Ourense, existe un problema grave no Concello e, singularmente, na Concellería de Asuntos Sociais que ten que ver co modelo de xestión e coa falla de persoal cualificado e suficiente. Resulta alarmante a desatención sobre a situación do SAF e que as traballadoras non sexan sequer recibidas por parte do goberno, mais tamén a situación xeral da atención social e feitos como que as citas para poder acceder ás distintas axudas municipais destinadas á atención das necesidades sociais tiveran demora de ata cinco meses, existindo persoas en risco de exclusión social que pola incapacidade derivada da falla de persoal da propia concellería, están a ver como se retrasan os procesos de intervención social e incluso o acceso a alimentos.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estas e outras carencias é necesario que a Xunta de Galiza, e singularmente a Consellaría de Política Social, atendan esta situación para fiscalizar e auditar o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) de forma que se garantan uns criterios xerais mínimos na prestación do servizo e se vixie o cumprimento dos dereitos laborais das persoas traballadoras e a concreción do prego de condicións.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza diante da situación de incumprimento do prego de condicións do SAF?
- . Elaborou o vai elaborar o goberno galego unha inspección e auditoría do Servizo de Axuda no Fogar da cidade de Ourense?
- . Que vai facer a Xunta de Galiza para avaliar o cumprimento do prego de condicións?
- . E para garantir as adecuadas condicións salariais e materiais de traballo das súas traballadoras?
- . Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza diante da situación de colapso dos servizos sociais da cidade de Ourense no marco dunha crise sen precedentes?
- . Coñece o goberno galego a falta de dilixencia que está a causar o bloqueo político e institucional do que o Partido Popular e o goberno galego son colaboradores activos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

.Que medidas de colaboración interinstitucional ten ofertado ao Concello? Cales e en que prazo?

. Como valora a situación de emerxencia social de Ourense?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/06/2021 12:58:17

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/06/2021 12:58:20

Noa Presas Bergantiños na data 03/06/2021 12:58:28



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A banda marrón e vermella do pino, un fungo que debilita as coníferas e que lle pode causar a morte, entrou en Galicia por concellos do oriente de Lugo como A Fonsagrada ou Baleira. A chegada desta enfermidade as masas galegas do pino insigne ('*Pinus radiata*') próximas a Asturias era previsible, pois o occidente da comunidade veciña rexistra unha incidencia en aumento dos fungos dende 2018, cando tamén o problema das bandas marróns e vermella explotou no País Vasco.

A entrada en Galicia das chamadas banda marrón e vermella do pino é un motivo de preocupación para as persoas propietarias forestais, pois o fungo pode afectar a masas de pino insigne e ademais a ameaza do fungo desincentiva as plantacións de pino insigne, a especie máis susceptible á enfermidade e que en Lugo é a principal conífera. Menos susceptible é o piñeiro do país ('*Pinus pinaster*'), a conífera dominante en Galicia, en tanto nas zonas de alta montaña o pino silvestre, se considera resistente á enfermidade mentres que o *Pinus nigra salzmannii* var. *Corsicana*, (Piñeiro de Corcega o corsicana) vese afectado.

As zonas máis afectadas sitúanse polo momento nas partes altas dos montes, por riba dos 600 metros, como A Bacariza ou A Fontaneira (Baleira).

Os fungos da banda marrón e da banda vermella, presentes dende fai tempo nos montes da Cornisa Cantábrica, saltaron de nivel a partir de 2018, cando, coincidindo cunha primavera cálida e húmida, calcúlase que ao redor dun terzo dos pinares do País Vasco veranse seriamente danados. Un problema similar rexistrouse tamén no Occidente de Asturias, si ben nun principio Galicia non se viu afectada.

Existe a posibilidade de tratamentos terrestres con produtos fitosanitarios, e as condicións de realización dos tratamentos e áreas de exclusión e a seguinte:

Todo tratamento terrestre deberá cumprir o autorizado expresamente pola Resolución da Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agropecuaria, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 22 de abril de 2021, que



excepcionalmente autoriza a comercialización e uso en aplicación terrestre de produtos fitosanitarios formulados a base de óxido cuproso 75 por cento [GT] p/porcentaxe peso de soluto/peso dunha solución contra enfermidades criptogámicas defoliadoras en coníferas de montes e que modifica a resolución do 19 de febreiro de 2021, e os efectos da autorización dende o 1 de abril de 2021 o 29 de xullo de 2021 son:

a) En relación cos produtos fitosanitarios e as condicións de uso dos mesmos:

1. Produtos fitosanitarios de formulacións a base de óxido cuproso, ou de estrato de tomillo.
2. O período para a realización dos tratamentos será entre o 1 de abril de 2021 e o 29 de xullo de 2021.

b) Zonas de exclusión das superficies a tratar:

Ríos e regatos, coas súas áreas de influencia.

Áreas naturais protexidas:.

Parcelas de agricultura ecolóxica: e a súa área de influencia.

Núcleos e edificacións urbanas: e as súas áreas de influencia.

En relación ás recomendacións e medidas:

Establecemento de medidas culturais co fin de promover o vigor das plantas. É fundamental a aireación das masas, eliminación dos restos de poda e realización de claras. Estas medidas favorecen o vigor das árbores como tamén é recomendable aumentar o marco de plantación, co que increméntase a circulación de aire, retense menos humidade e estas enfermidades non se ven favorecidas.

Recoller semente de plantacións sans.

Limpar as ferramentas que se vaian a utilizar.

Eliminar material enfermo.

En relación co tema que nos ocupa temos que traer a colación o proxecto de sanidade forestal Innobandas que revela resultados moi positivos para frear o avance da banda vermella e marrón. As conclusións do proxecto de sanidade forestal Innobandas no deixan lugar a dúbidas. Os tratamentos experimentais levados a cabo nos anos (2018-2019) en Euskadi, Cantabria e Navarra para controlar a enfermidade das bandas das acículas dos piñeiros arroxaron resultados moi positivos. A única presenza galega neste proxecto foi a empresa Galca, **especialista no sector agroforestal**.



Esta iniciativa, cofinanciada pola Unión Europea, demostrou ser ”eficaz e sostible para atallar o avance da enfermidade das bandas”, enfatizaba Josu Azpitarte, membro da área técnica de Baskegur, quen subliñaba a importancia deste “labor preventivo” que xa se utiliza en países como Chile ou Nova Zelandia.

As substancias empregadas nestes tratamentos foron Desfan, un composto orgánico de sementes de laranxa e pomelo, Nordox (óxido cuproso en gránulos), Timol (extracto de tomillo vermello) e Carbonato (Carbonato e compoñentes activos sinérxicos de Biofungitek) ademais dunha mestura de Desfan e Timol. En xeral, estas fórmulas obtiveron bos resultados, aínda que, entre todas elas, sobresaíron Nordox e Timol.

No caso de Nordox, puideron comprobar que non se daba “ecotoxicidad”, e que “as deposicións de cobre na terra eran residuais”, sempre dentro de marxes seguros. A súa conclusión é que non se daba ningunha “afección medioambiental”.

O director xeral de Baskegur, Oskar Azkarate, destacaba as tres principais conclusións que se extraen do proxecto Innobandas. A primeira, a importancia do traballo conxunto entre persoas propietarias, empresas, administracións e centros tecnolóxicos nunha aposta supraautonómica coordinada e transversal para afrontar problemáticas como a sanidade forestal que afectan a toda a Cornisa Cantábrica. En segundo lugar, a posta en valor dos resultados positivos obtidos ao constatare a efectividade dalgúns dos produtos utilizados e a súa baixa ou nula ecotoxicidade, e por último a mostra clara e inequívoca de que proxectos como Innobandas teñen continuidade no futuro.

Polo anteriormente exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que Galicia non participou nos tratamentos experimentais levados a cabo entre os anos 2018 e 2020 en Euskadi, Cantabria e Navarra para controlar a enfermidade das bandas das acículas dos pinos?
2. A partir do 29 de xullo de 2021 en que se prohibe o uso Nordox (óxido cuproso en **gránulos**), ten a Consellería de Medio Rural proxectado utilizar outro fitocida como pode ser o Timol (extracto de tomillo vermello), segundo recomendou o proxecto Innobandas?



3. Que medidas ten pensado tomar a Consellería de Medio Rural en relación ca banda vermella/mal marrón en Galicia, e en concreto na provincia de Lugo, onde se ven danadas as masas de pino insigne dado que afectan a toda a Cornisa Cantábrica?
4. Ten a Consellería de Medio Rural elaborado un mapa de superficie afectada por esta enfermidade? Cales son os concellos máis afectados?
5. Que medidas preventivas va a desenrolar co fin de mitigar esta enfermidade?
6. Ten pensado nos seus modelos silvícolas modificar a densidade das repoboacións que se fagan coas especies afectadas por esta enfermidade?
7. Solicitará o establecemento dunha corentena desta enfermidade, no caso de que aumente a súa virulencia?
8. Que medidas profilácticas está tomando sobre as masas que se están cortando actualmente, para que no se estenda a enfermidade?
9. As recomendacións e medidas culturais, como as está a controlar a Consellería de Medio Rural e como se verán reflectidas nas ordes de axudas nas melloras das masas forestais?
10. Se establecerá algunha orde para o tratamento desta enfermidade?

Pazo do Parlamento, 3 de xuño do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Martín Seco García
Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/06/2021 11:07:17

Martín Seco García na data 03/06/2021 11:07:26

Patricia Otero Rodríguez na data 03/06/2021 11:07:37





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2021 13:39:44
Nº Rexistro: 16887
Data envío: 03/06/2021 13:39:44.382

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/06/2021 11:07:46

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGYe4CGio023
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ata o momento presente, as medidas tomadas polo goberno galego a respecto do tártago de patas amarelas redúcense a dúas: a subvención do trampeo primaveral e a encomenda feita a Seaga para a retirada de niños esta última por un importe de 1,7ME. Nada sabemos do estado das investigacións que desde o goberno galego se prometeran xa en 2016.

Neste ano 21 o do trampeo primaveral oficial foi un fracaso pois a distribución foi feita tarde e directamente ás asociacións apícolas que o solicitasen. A desculpa dos atrasos e mudanzas levouna a pandemia, a pesar de que a actividade apícola continuaba e o tártago das patas amarelas non daba signos de febleza.

Poucas solicitudes e mala distribución. O cambio, coma dicíamos, foi xustificado polas autoridades amparándose na pandemia e as posibles aglomeracións. E así, nunha arroutada incomprendible, eliminaron a situación de menor risco, pois ben se puido aproveitar que os apicultores deben ir pola Oficina Agraria Comarcal, renovar o censo, para facer o reparto de trampas e atraentes.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os estudos sinalan que os niños do tártago retirados só representan o 20% do total estimado, por tanto é aquí onde temos o reto principal da incidencia do invasor tanto na polinización coma na poboación de abellas e produción de mel.

Os equipos de traballadores encargados da retirada de niños comparten en Ourense dúas escopetas marcadoras de aire comprimido e as pértigas xa coñecidas. Nada sabemos de investigacións doutro tipo de marcadores, dixitais por exemplo, nin das posibilidades dos drons nin da utilización dos mesmos individuos para marcar o seu niño de procedencia. Ningunha visión de futuro. Unha vez máis a indolencia e a quietude marcan as políticas do goberno galego.

Porque a lóxica máis elemental indica a necesidade de tomar a iniciativa nesta loita. E o fundamental está no coñecemento desta especie, as súas estratexias de adaptación e posiblemente na obtención de feromonas que sexan definitivas na atracción das mestras velutinas.

Porque a ameaza é real. Non se trata dun aspecto menor que afecte soamente aos produtos derivados das prácticas apícolas, trátase da ruptura dun equilibrio natural de consecuencias descoñecidas e os medios e intencións do goberno galego non están á altura das dimensións do problema.

Porque as promesas iniciais do ano 2016 quedaron en nada. Houbo un fume do que case nada permanece e o abandono por esquecemento de iniciativas investigadoras ás que non se lles deu unha mínima cobertura orzamentaria para a súa continuidade sumen na impotencia o sector directamente máis afectado, o apícola. Unha vez máis condenados a resolver os problemas por eles mesmos como aconteceu coa crise da varroase

Mais o Tártago está aí... e tamén causa mortes ademais dos danos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non hai estimacións oficiais destes en cultivos horto-frutícolas pero están aí, visibles aínda que non cuantificados. Si que hai estimacións veraces por parte das asociacións de apicultores que cifran a mortandade de colmeas nos últimos anos entre un 30 e un 40% cando antes da chegada do tártago era dun 8 a un 10% e a baixada alarmante na produción de mel que pasou dos 25-30 kgrs por colmea aos 10 kgrs actuais.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. É consciente o goberno galego da dimensión real da problemática planteada pola aparición do tártago de patas amarelas ?

. Cal é a partida orzamentaria deste ano procedente de Europa para este tema e como foi distribuída ?

. Que número de trampas e atraentes se distribuíron este ano 2021 entre os apicultores?

. Considera o goberno axeitada a dotación de medios dos equipos da encomenda de Seaga para a retirada de niños ?

. Cando pensa o goberno galego abrir liñas de investigación e experimentación destinadas a empregar os avances tecnolóxicos para a localización e eliminación dos niños?

. Mantén o goberno galego abertos algún convenio de investigación arredor do tártago de patas amarelas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Por que razóns se abandonaron as liñas de investigación abertas en anos precedentes ?

. Cal é a razón pola que o goberno galego abdicou da súa función de necesario coordinador das liñas investigadoras abertas por outras institucións sumándose tamén ás mesmas?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 03/06/2021 14:18:10

María González Albert na data 03/06/2021 14:18:14

Xosé Luis Rivas Cruz na data 03/06/2021 14:18:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonso e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as subvencións que anualmente se convocan pola Xunta de Galiza para financiar nos concellos declarados municipios turísticos e xeodestinos a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de verán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Anualmente, convócase pola Xunta de Galiza unha liña de axudas para financiar o reforzo de persoal nas oficinas de turismo de concellos declarados municipios turísticos e xeodestinos de Galiza.

Así, no ano 2020 publicouse a Resolución do 2 de xaneiro pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galiza para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de maio, xuño, xullo, agosto e setembro, e procedíase á súa convocatoria para o ano 2020.

A razón de ser desta liña de subvencións explícase de xeito meridiano na exposición de motivos da resolución: a afluencia turística dos meses de xuño, xullo, agosto e setembro nos municipios turísticos fai necesaria a contratación de persoal nas oficinas de turismo dos citados municipios para o mantemento da calidade no servizo de información turística que se presta, de xeito que se potencia a imaxe non só dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

municipios de interese turístico senón da Comunidade Autónoma, no seu conxunto, no exterior.

Porén, no ano 2020, atendendo á situación de excepcionalidade provocada pola pandemia, por Resolución do 8 de maio de 2020 deixáronse sen efecto diferentes convocatorias de concesión de subvencións, bolsas e patrocinios, e entre elas, a convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos declarados municipios turísticos e xeodestinos, para reorientar, segundo explicou a Xunta de Galiza, os créditos reservados para estas convocatorias de axudas e “elaborar e sustentar economicamente unha nova planificación” que permitise reactivar o sector.

A pesar diso, despois de deixar sen efecto esas liñas de subvención, e debido á evolución favorable da pandemia nas datas próximas ao verán, houbo concellos declarados municipios turísticos que demandaron da Xunta de Galiza a súa colaboración para poder contratar persoal nas oficinas de turismo, ao considerar que podían ser un destino axeitado e atractivo en tempos de pandemia: natureza, espazos abertos e pouca masificación.

Ante estas peticións, a Xunta optou por asinar convenios de colaboración para a contratación de persoal nas oficinas de turismo, con cuantías próximas ás da convocatoria de 2 de xaneiro de 2020.

Porén, neste ano 2021 non se publicou (nin en xaneiro nin nos meses seguintes) convocatoria algunha para que os concellos recoñecidos como municipios turísticos e os xeodestinos puidesen contratar persoal nas oficinas de turismo. Nin tampouco se asinaron até o de agora, convenios de colaboración con este obxecto.

O cal carece de toda lóxica, se temos en conta a actuación da Xunta de Galiza ao respecto o ano pasado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación de incerteza que existía no 2020 non é a mesma no 2021.

A situación epidemiolóxica na Galiza, aínda que a responsabilidade debера existir ser cautos, evoluciona favorablemente, como amosa a liña descendente dos datos de contaxios e sobre todo, pola propia vacinación.

Se ben a publicación da convocatoria de subvencións para os concellos recoñecidos como turísticos e os xeodestinos carece de sentido polas datas nas que nos atopamos e o propio obxecto da convocatoria (contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de maio, xuño, xullo, agosto e setembro), é imprescindible que a Xunta de Galiza articule mecanismos de apoio aos concellos para garantir o mantemento da calidade no servizo de información turística que se presta neles, e así potenciar a imaxe non só dos municipios de interese turístico senón do noso país, no seu conxunto, no exterior.

Máxime, nun momento no que é fundamental proporcionar a estes entes locais todos os instrumentos posibles para promocionarse e poñer en marcha aquelas actividades, como a turística, que poidan servir de panca para a súa reactivación económica despois de máis dun ano de anormalidade neste senso, provocada pola pandemia.

E o mecanismo máis axeitado e plausíbel (porque xa se empregou no ano 2020) é o de asinar con urxencia convenios de colaboración cos concellos recoñecidos como municipios turísticos e os xeodestinos.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cal é motivo polo que a Xunta de Galiza non convocou neste ano 2021 unha liña de axudas para financiar o reforzo de persoal nas oficinas de turismo de concellos declarados municipios turísticos e xeodestinos de Galiza?

. Ten previsto a Xunta de Galiza ofertar aos concellos declarados turísticos e xeodestinos a posibilidade de asinar convenios de colaboración para a contratación de persoal nas oficinas de turismo, tal e como fixo no ano 2020?

. Considera a Xunta de Galiza que os concellos declarados turísticos e xeodestinos non son un destino seguro e axeitado ás novas circunstancias e preferencias dos potenciais visitantes?

. Considera o goberno galego que os municipios turísticos e os suxeitos turísticos que prestan neles os seus servizos deben ser obxecto de atención preferente na elaboración dos plans e programas turísticos da Administración da Xunta de Galiza?

. Considera o goberno galego que os municipios turísticos e os suxeitos turísticos que prestan neles os seus servizos deben ser obxecto de atención preferente nas liñas e medidas de fomento económico establecidas pola Administración da Xunta de Galiza?

. Considera o goberno galego que os municipios turísticos e os suxeitos turísticos que prestan neles os seus servizos deben ser obxecto de atención preferente nas actividades da Administración da Xunta de Galiza dirixidas á promoción interior e exterior do turismo e ao fomento da imaxe de Galiza como oferta ou marca turística global?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Daniel Pérez López
Ramón Fernández Alfonzo
Noa Presas Bergantiños
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 03/06/2021 17:42:28

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/06/2021 17:42:36

Noa Presas Bergantiños na data 03/06/2021 17:42:45



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGYe4CGic023
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

